



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE DECEMBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/1090/2013.- PARLAMENTO DE GALICIA.- Conceder licenza para acondicionamento de locais para despachos e mellora de accesibilidade en parte do edificio na Rúa Hórreo, 63.

LIC/1118/2013.- JESÚS MALLOU NOYA.- Conceder para construción de vivenda unifamiliar na Rúa Cancelas, 125.

LIC/1635/2013.- DUPLEX ELEVACIÓN, S.L.U.- Conceder licenza para substitución do ascensor aumentando 1 parada máis na edificación sita na Rúa San Pedro de Mezonzo, 26.

LIC/1500/2012.- JOSÉ ANTONIO GALLAS BARCIA.- Denegar a licenza de obras para vivenda unifamiliar en Lg. de Sarela de Arriba.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1656/2013.- SOLUCIONES EDUCATIVAS COMPOSTELA, S.A.... LAP/222/2011...24.000 €

LIC/1661/2013.- JOSÉ LUIS GÓMEZ PEREIRA LIC/1844/2006 1.500 €

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa ao recurso de reposición interposto contra o acordo relativo á xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS.

Acórdase desestimar o devandito recurso a vista dos informes do Departamento de Contatación e da Asesoría Xurídica. A XGL de 5 de setembro acordara excluir da licitación denominada xestión do servizo das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas ao incluír no sobre relativo aos criterios non avaliábeis mediante cifras referencias explícitas a melloras incluídas entre os criterios avaliábeis mediante cifras. Con data 19 de outubro presentárase pola empresa SERMASA recurso de reposición que a XGL acordou desestimar.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á desconsignación da parcela 279 do expediente de expropiación para o saneamento da Conca do río Aríns.

Apróbase esta desconsignación, polo que se pagará aos perceptores a cantidade total de 27.794,34 €.

6.- Proposta a concellería delegada de Cemiterios relativa á transmisión de participacións sociais da mercantil Tanatorio San Lázaro S.L.

Deuse conta da formalización da compravenda desta mercantil por parte da mercantil ALBIA GESTIÓN DE SERVICIOS S.L.

7.- Informe da Asesoría Xurídica relativo á execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 705/2013.

Dáse conta deste informe, que sinala que a data límite para proceder á execución desta sentenza é o 20 de xaneiro de 2013.

8.- Informe da Asesoría Xurídica relativo á execución da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 575/2008. (LORIGAR SL).

A XGL xa adoptou un acordo que reflexaba a imposibilidade legal, e material de repoñer a situación preexistente á ratificación do convenio anulado. Pero a XGL resolve tamén efectuar unha nova valoración técnica das aprcelas afectadas consonte aos criterios sinalados na sentenza, sometelo a fiscalización da Intervención municipal e remítilla ao Xulgado aos efectos de acreditar o equilibrio económico nas prestacións no marco do incidente de execución. A XGL toma coñecemento dos informes de valoración e fiscalización. Dáse traslado a Asesoría Xurídica para que formule perante o Xulgado do Contencioso Administrativo un incidente en execución.

9.- Rectificación do informe incluído no punto nº 79 da sesión de data 28.11.2013 titulado "Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa

ao recurso interposto contra o acordo de aprobación dos pregos de cláusulas da contratación do procedemento de adxudicación do servizo de redacción da revisión do PE-1".

Rectifícase o erro, polo que se incluía algunha frase máis no informe que non corresponde á información que contén o mesmo.

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña para a realización do II Congreso sobre a violencia de xénero.

Apróbase solicitar unha subvención Deputación Provincial da Coruña para a realización do II Congreso sobre a violencia de xénero por un importe de 37.500 €.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á concesión duna axuda de carácter social.

2.- Liberación de cantidade e reaxuste de anualidades 2013,2014 e 2015 do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas.

3.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

4.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación do expediente de subministro, mediante renting, de 5 equipos multifunción para a área de Facenda do Concello de Santiago, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á tramitación ante a Xunta de Galicia da prórroga de ocupación temporal da parcela do aparcadoiro de borde de Salgueiriños e encomenda da explotación a TUSSA.

6.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade e Mobilidade relativa á aprobación da actualización das tarifas dos aparcadoiros municipais de Belvís, vixiado de Xoán XXIII e de borde de Salgueiriños.

7.- Proposta da Concelleira de Réxime Interior sobre reaxuste de anualidades no expediente de contratación do servizo de limpeza de edificios e dependencias do Concello.